

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ACTA Nº 2020/2 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - CASA DO CONCELLO , 28 DE FEBREIRO DE 2020 -

No día de hoxe, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

#### **PRESIDE:**

Benigno Galego Castro

**ASISTEN:** Cándido Eusebio Preto Lago , Rocío Martínez Martínez ,Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, Maria-Amalia Díaz Rodríguez e Alberto Javier Rey Paz.

**AUSENCIAS:** David Prada Aneiros e Patricia Santalla Perez


**SECRETARIA – INTERVENTORA:** Paula Díaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### **ORDE DO DÍA**

**1.- Aprobación da acta da sesión do pleno do día 24.01.2020.** Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a acta anterior . Cinco votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago ,Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, Maria-Amalia Díaz Rodríguez e Alberto Javier Rey Paz e dúas abstencións dos concelleiros Rocío Martínez Martínez e o alcalde

**2.-Rectificación anual do inventario de bens municipal e cambio de aplicación para a súa xestión. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte :Proxecto de implantación de xestión do patrimonio (Gpa ) . Antecedentes administrativos :** Coa finalidade de proporcionara as entidades da provincia adheridas ao plan de soporte provincial unha ferramenta de xestión do patrimonio , tanto desde un punto de vista xurídico como económico , iniciouse o proxecto de implantación informática de Xestión do Patrimonio ( GPA ) . O proxecto concrétase no deseño dun modelo de xestión do patrimonio e de control do inventario de bens e dereitos que permita : Cumprir coa normativa vixente , dispor dun inventario de bens e dereitos actualizado e homoxeno , asegurar o control e defensa xurídica dos bens , mellorar a xestión e optimización dos recursos públicos dispoñibles , garantir unha información pública veraz , utilizar o patrimonio como fonte de financiamento e valorar a eficacia dos novos investimentos realizados proxecto que de adheriu o Concello de Cerdido no mes de marzo de 2019 com un dos cinco concellos piloto da Provincia



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

da Coruña. Rematada a fase de elaboración de manuais , fixación de criterios e migración de datos da aplicación informática INCOMSA a GPA , esta Alcaldía propón ao pleno **Primeiro** :  
Fixar os seguinte criterios de xestión de bens seguintes :


700203 Mobiliario General (Inv. General)

700209 Electrodomésticos (Simple)

700211 Equipos De Oficina (Simple)

700301 Equipos Procesos De Información (Simple)

**Segundo** : Fixar os seguintes criterios de valoración dos bens que están identificados e explicados no TOMO II versión 2,0 da aplicación informática GPA , sendo este un documento vivo e polo tanto , suxeito a revisións para adaptalo as necesidades continuas da Organización. operacións patrimoniais da aplicación informática GPA aplicando as principais normas de valoración, que afectan o imobilizado e que condicionan a xestión de bens da Entidade. As normas de valoración desenvóléronse a partir da instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro (en adiante, ICAL 2013 ).Para ese efecto, a continuación defínense os seguintes valores que se terán en conta ao realizar operacións patrimoniais sobre os activos segundo proceda cualificando segundo establece os manuais nos seguintes conceptos :  
**Prezo de adquisición ,custo de produción,valor razoable. valor en uso,valor actual dun activo valor residual dun activo a vida útil dun activo.** En canto a valoración posterior dun ben realizarse polo modelo de custo definido como a súa valoración inicial, incrementada, no seu caso, polos desembolsos posteriores, e descontando a amortización acumulada practicada e a corrección valorativa acumulada por deterioración que sufrisen ao longo da súa vida útil. É imprescindible, para unha correcta xestión económica do patrimonio, o establecemento de criterios, acordos cos principios contables xeralmente aceptados, que permitan definir un tratamento ou outro e, permitan facelo dunha forma obxectiva e o máis sinxela posible. Para o establecemento dos criterios cualitativos, a Entidade excluírá e, considerará como gastos, aqueles bens cuxo prezo unitario e importancia relativa respecto a a masa patrimonial así o aconsellen. A continuación establécense os criterios, cualitativos e cuantitativos, para diferenciar entre:- Desembolsos que supoñen bens ou melloras sobre bens existentes e, por tanto serán xestionados como inmovilizado, seguindo a política de amortizacións que lles corresponda.- Desembolsos tratados como gastos, que se imputan ao exercicio. **Criterios cualitativos** Os criterios xerais que permiten cualificar un desembolso económico como un novo ben inventariable definidos no manual e Criterios cuantitativos Como complemento aos criterios cualitativos defínese pola entidade, un criterio económico ou cuantitativo de activación que sirva de apoio á hora de diferenciar entre ben inventariable e gasto. Defínese un criterio económico ou cuantitativo de activación por clasificación. Este criterio desenvolve uns valores mínimos tanto para a adquisición dun novo ben como para as melloras ou investimentos realizadas sobre bens xa existentes. Estes importes mínimos de referencia atópanse incluídos nas táboas de clasificacións contidas no anexo I do presente documento onde consta a vida útil de cada categoría de bens .




# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

## ANEXO 1


CODIGO	CLASIFICACIÓN	C. CUANTITATIVOS		C. AMORTIZACIÓN		
		ADQ.	Mellora		VIDA	%
1	INMUEBLES					
10	TERRENOS					
1001	TERRENOS					
100101	SUELO URBANO	0		NO		
100102	SUELO DE NUCLEO RURAL	0		NO		
100103	SUELO URBANIZABLE	0		NO		
100104	SUELO RÚSTICO	0		NO		
1002	TERRENOS PATRIMONIO PÚBLICO DEL SUELO					
100201	TERRENOS PMS	0		NO		
11	CONSTRUCCIONES					
1101	EDIFICIOS					
110101	EDIFICIOS	0	6000	SI	50	2
110102	EDIFICIOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS	0	6000	NO		
110103	PEQUEÑAS CONSTRUCCIONES	0	3000	SI	25	4
1102	INFRAESTRUCTURA PÚBLICA					
110201	PLAZAS Y VÍAS URBANAS	0	6000	SI	15	6,67
110202	CARRETERAS	0	6000	SI	15	6,67
110203	CAMINOS	0	6000	SI	15	6,67
110204	VÍAS FORESTALES	0	6000	SI	15	6,67
110205	PARQUES, JARDINES Y AREAS NATURALES	0	6000	SI	15	6,67
110206	OBRAS CIVILES HISTÓRICO-ARTÍSTICAS	0	6000	NO		
110207	OBRAS CIVILES DE SERVICIO PÚBLICO	0	6000	SI	25	4
110208	INSTALACIONES DE SERVICIO PÚBLICO	0	6000	SI	15	6,67



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


1103	EDIFICIOS DEL PATRIMONIO PÚBLICO DEL SUELO					
110301	CONSTRUCCIONES PMS	0	6000	SI	50	2
12	INMUEBLES EN OTRAS SITUACIONES					
1201	INMUEBLES EN OTRAS SITUACIONES					
120101	MEJORAS SOBRE BIENES EN RÉGIMEN DE ARRENDAMIENTO	0		SI	1	100
2	DERECHOS REALES					
2001	DERECHOS REALES Y CONCESIONES A FAVOR					
200101	DERECHOS REALES A FAVOR	0		NO		
2002	DERECHOS REALES PMS					
200201	APROVECHAMIENTOS URBANÍSTICOS	0		NO		
3	MUEBLES DE CARÁCTER HISTÓRICO-ARTÍSTICO					
30	MUEBLES DE CARÁCTER HISTÓRICO-ARTÍSTICO					
3001	BIENES DE CARÁCTER HISTÓRICO-ARTÍSTICO					
300101	BIENES HISTÓRICOS	0		NO		
300102	BIENES ARTÍSTICOS	0		NO		
31	CARÁCTER ECONÓMICO					
3101	CARÁCTER ECONÓMICO					
310101	MUEBLES DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO	600		SI	10	10
4	VALORES, CRÉDITOS Y DERECHOS					
40	VALORES MOBILIARIOS					
4001	VALORES MOBILIARIOS					
400101	ACCIONES Y PARTICIPACIONES A LARGO PLAZO EN SOCIEDADES NO PERTENECIENTES AL GRUPO, MULTIGRUPOO ASOCIADAS	0		NO		
400102	OBLIGACIONES, BONOS Y OTRAS INVERSIONES	0		NO		
41	DERECHOS DE CARÁCTER PERSONAL					



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

4101	DERECHOS DE CARÁCTER PERSONAL					
410101	PROPIEDAD INTELECTUAL	0		SI	20	5
410102	PROPIEDAD INDUSTRIAL	0		SI	20	5
410103	SOFTWARE	0		SI	4	25
5	VEHÍCULOS					
5001	VEHÍCULOS					
500101	VEHÍCULOS TERRESTRES	3000	1200	SI	14	7,14
500102	VEHÍCULOS ACUATICOS	3000	1200	SI	14	7,14
500103	REMOLQUES	600	1200	SI	14	7,14
6	SEMOVIENTES					
6001	SEMOVIENTES					
600101	SEMOVIENTES	0		SI	5	20
7	MUEBLES NO COMPRENDIDOS ANTERIORMENTE					
70	EQUIPAMIENTO GENERAL					
7001	MAQUINARIA Y EQUIPAMIENTO GENERAL					
700101	MAQUINARIA GENERAL	600	300	SI	10	10
700102	ELEMENTOS DE SEGURIDAD, COMUNICACIÓN Y AP. MEDIDA	600	300	SI	7	14,29
7002	MOBILIARIO, ENSERES Y EQUIPOS DE ADMINISTRACIÓN					
700201	MOBILIARIO GENERAL (SIMPLE)	300		SI	15	6,67
700202	MOBILIARIO GENERAL (CANTIDAD)	300		SI	15	6,67
700203	MOBILIARIO GENERAL (INV. GENERAL)			SI	15	6,67
700204	MOBILIARIO URBANO			SI	8	12,5
700205	CONTENEDORES	300		SI	5	20
700206	AREAS INFANTILES Y BIOSALUDABLES	300		SI	6	16,67
700207	MOBILIARIO Y MAQUINARIA DEPORTIVA (SIMPLE)	300		SI	10	10




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

700208	MOBILIARIO Y MAQUINARIA DEPORTIVA (CANTIDAD)	300		SI	10	10
700209	ELECTRODOMÉSTICOS (SIMPLE)	300		SI	10	10
700210	ELECTRODOMÉSTICOS (CANTIDAD)	300		SI	10	10
700211	EQUIPOS DE OFICINA (SIMPLE)	300		SI	7	14,29
700212	EQUIPOS DE OFICINA (CANTIDAD)	300		SI	7	14,29
7003	EQUIPOS PROCESOS DE INFORMACIÓN					
700301	EQUIPOS PROCESOS DE INFORMACIÓN (SIMPLE)	300		SI	5	20
700302	EQUIPOS PROCESOS DE INFORMACIÓN (CANTIDAD)	300		SI	5	20
71	EQUIPAMIENTO ESPECÍFICO					
7101	ACTIVIDAD CULTURAL, DE OCIO Y ESPECTÁCULOS					
710101	EQUIPAMIENTO DE IMAGEN, SONIDO E ILUMINACIÓN	600	300	SI	10	10
710102	EQUIPAMIENTO PARA ACTOS, DECORADOS Y ATREZZO			SI	5	20
710103	INSTRUMENTOS MUSICALES	300		SI	10	10
710104	FONDO BIBLIOGRÁFICO Y AUDIOVISUAL			SI	5	20
7102	ACTIVIDAD SANITARIA					
710201	EQUIPAMIENTO SANITARIO	600	300	SI	8	12,5
8	BIENES Y DERECHOS REVERTIBLES					
8001	BIENES Y DERECHOS REVERTIBLES					
800101	BIENES Y DERECHOS REVERTIBLES			NO		
9	INVERSIONES DE CORTA PERMANENCIA EN INVENTARIO					
9001	INVERSIONES SOBRE ELEMENTOS NO INVENTARIABLES					
900101	INVERSIONES SOBRE ELEMENTOS NO INVENTARIABLES			SI	1	100

Asi mesmo proceder a rectificar o inventario de bens do Concello de Cerdido incorporando os seguintes bens:



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### Epígrafe 1 – Inmóbles

Nome	Identificación Referencia catastral	Importe	Acordo, Recepción da obra Registro da propiedade	C X.
Area Recreativa nos Casas , con mesas , bancos e barbacoas en pedra granítica , explanación terreo e paneis informativos Expediente tedec ;2018/C002/000015		14.519,85	Acta recepción 17/09/2018	DP SP
Parcela en Os abruñeiros referencia catastral 15025a0560018900000BI Expediente tedec:2019/C002/000007		3.000,00 €	Escritura notarial ante o Notario Juan de la Riva López Riobóo , notaria de San Sadurniño , escritura 896 do día 09/05/2019	DP SP

### Epígrafe 7 - Móbles non comprendidos noutros epígrafes

Nome	Identificación do ben	valoración	Acordo	CX
Mobiliario para a vivenda municipal de Os Casas	Exp TEDEC 2018/C002/000009 Mesas , sillas , somier , colchón , armario , cómoda móbile salón , espello , tendedero , estores	2221,70	Decreto 75/2018 23/04/2018	BP
Mobiliario de cociña para o primeiro piso de As Felgosas	Exp TEDEC 2019/C002/000037 Móbles de cociña en plastificado , mesado en granito , fregadero e billa , e cambota extractora	2999,59	Decreto 220/2019 05/12/2019	BP
Hidrolimpiadora a gasolina	Exp Tedec 2019/C002/000025	1250,00	Decreto 140/2019 30/07/2019	DP SP
Quentador AG TOP	Exp tedec 201/G003/000089 Quentador e kit evacuación de humos 60/100mm	332,75 €	Decreto 87/2019 13/05/2019	BP



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Equipamento para medio ambiente	Exp. Tedec . 2018/C002/000012	4744,68	Acta de recepción 02/10/2018	DP SP
	<p>MARCA: Soplador / Aspirador profesional EFCO Modelo: SA 3000</p> <p>MARCA: Motoserpa Jonsered Modelo: 2252</p> <p>MARCA: Cortasetos Maruyama Modelo: HT237D</p> <p>MARCA: Taladro Makita Modelo: DHP458TJ</p> <p>MARCA: Cortacésped HONDA Modelo: LMS0360HXA Profesional</p> <p>MARCA: Linterna Frontal High Power Headlamp Modelo: -</p> <p>MARCA: Caladora Makita (Sierra de calar) Modelo: 720</p> <p>MARCA: Taladro Percutor Makita Modelo: DHP458TJ</p> <p>MARCA: Cámara de vixilancia SECACAM Modelo: Raptor</p>			


### Melloras nos seguintes bens

Nome	Identificación do ben	valoración	Acordo	CX
Lavadoiro en Santa Lucia	Exp Tedec : 2019/C002/000013 Reposición de vigas de madeira de pino tratadas e cuberta de lousa	1714,57 €	Decreto 145/2019 21.08.2019	DP SP
Lavadoiro en Lamigueiro Vello	Exp Tedec :2019/c002/0000038 Reposición de lousa	1603,25	Decreto 221/2019 09,12,2019	DP SP
Lavadoiro en Casaldegonce	Exp tedec :2018/C002/000013 As obras contemplan actuacións de reconstrución de paramentos e formación de cuberta	10.458,03	Decreto 38/2019 22/02/2019	DP SP
Rede de abastecemento de auga	Exp Tedec 2019/C002/000036 Dúas válvulas redutoras de presión en A Vila da Igrexa e Cruz Encarnada	3647,87	Decreto 218/2019 05.12.2019	DP SP

**Os membros do pleno presentes , aprobaron por unanimidade a proposta anterior .**

### 3.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular para posta en marcha do transporte de





## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**proximidade no rural. Exp. Tedec 2020/G006/000005.** Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: D. Alberto Rey Paz, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Cerdido, de conformidade co establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación se procede ante o Pleno da Corporación, a seguinte **moción: Moción para posta en marcha do transporte de proximidade no rural** Cada vez son máis as persoas maiores que se encontran soas nas súas casas e cada vez con máis dificultades para acudir a unha consulta médica, Banco, Farmacia, Concello, etc. Polo xeral están persoas teñen que molestar a un veciño, chamar a algún familiar con coche, ou alugar un taxi para así poder atender esas necesidades. Este servizo de transporte de proximidade mediante vehículos adaptados, operaría pasando directamente polas casas particulares dos usuarios ou veciños que o solicitasen debidamente, e con destino ó núcleo de Felgosas, onde se centran os servizos principais do Concello. Algunhas das que poden ser as súas funcións e vantaxes son: Acerca os veciños a os servizos pero tamén podería servir para acercar os servizos os veciños no caso de persoas con problemas de mobilidade. é una boa ferramenta tamén para evitar o aislamiento e favorecer a participación social. As persoas máis illadas e con poucos recursos poden participar nas actividades comunitarias. Transporte de apoio nas actividades extraescolares do CEIP da Barqueira e tamén para as Asociacións do Concello. Creemos que a mellor fórmula para levar a cabo este servizo sería mediante convenio cos taxistas de alta no Concello, facilitándolles o vehículo adaptado. *É por iso que, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:* 1º.- Realizar un estudo económico do coste do servizo que permita analizar a súa viabilidade económica. 2º.- Contactar e xestionar cas distintas administracións competentes para a cesión, doación etc, dos recursos, tanto económicos como materiais, necesarios para poñer en marcha este servizo.

### **Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior**

**O concelleiro Alberto Rey Paz** explica que esta proposta foi levada no seu programa electoral como unha ferramenta para que os veciños poidan acudir os servizos do centro de saúde, farmacia, banco, concello etc e como apoio as asociacións, as actividades do CEIP, anuncia que isto é so unha pincelada para poder levalo a cabo, unha proposta a que lle queda estudar moito

**O concelleiro Cándido Prieto Lago** explica que a moción é unha pincelada moi difusa, soamente os concellos de mais de 50.000 habitantes teñen competencias de transporte, xa fai anos pediuse o servizo de TES+BUS, para o uso compartido do bus escolar, no actual plan de transporte solicitouse o uso compartido co transporte escolar, existen algunha proposta de transporte circular no momento que non este operativo o bus escolar. O tema do transporte adaptado esta xestionado por unha empresa privada, na moción fálase dun taxi pero non se concreta si o compra o taxista, o concello, en canto ao transporte de apoio a activades extraescolares entramos no tema de traslado de menores sendo competencia do transporte escolar. Hai moitas lagoas, porque o taxi quen o pagaría, o usuario segundo o nivel de renda, o concello, hai moitas lagoas xurídicas e moitas dúbidas



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**O alcalde** explica que a moción presentada quere abarcar moito e toca competencias que non son municipais e seguro que a proposta terá un informe desfavorable, toca temas como o transporte de apoio a actividades extraescolares que supoñen traslado de menores así como traslado para actividades das asociacións que se poden regular a través dos convenios que se asinan con cada unha no momento das subvencións nominativas. Antes de presentar a moción pódese negociar o fondo é bastante bo pero a moción é demasiado aberta

**O concelleiro Alberto Rey Paz**, explica que cree que non entenderon a moción, propónse a realización de transporte con un taxi como posibilidade pero sen concretar o que supón que a moción esta aberta a varias vías posibles, non se concreta como vai a ser o servizo senón unha idea xeral para realizar un estudio.

**O concelleiro Candido Prieto Lago**, suxire que se solicite un informe a intervención sobre as competencias municipais neste tema

**5. Moción do grupo municipal socialista sobre el plan de mellora de camiños rurais da Xunta de Galicia.** Leída a moción seguinte: O Grupo Municipal dos Socialistas de Cerdido, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o Plan Marco da Xunta de Galicia para a mellora de camiños rurais. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. A Xunta de Galicia vén de publicar a resolución pola que se aproba o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021, un relevante instrumento de cooperación e axuda financeira ás entidades locais da comunidade, que periodicamente impulsa a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural. Este plan ten como principal obxectivo subvencionar a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños rurais, co fin de renovar esta rede viaria que serve de acceso ás explotacións agrícolas do seus territorios, mellorando considerablemente a deficiente accesibilidade ás parcelas de cultivo. Preténdese con estas melloras dar un impulso ao desenvolvemento e á modernización da agricultura galega. Segundo detalla a propia Xunta, estes camiños rurais “facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e, por outra banda, contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal”, xa que “facilitan o tránsito de maquinaria ás explotacións agrarias, o que redonda nunha maior axilidade das operacións e nunha redución de custos e dos tempos necesarios para poñer os produtos no mercado”. Sen embargo, para o presente ano 2020 e para o próximo 2021, o goberno galego aplicou un importante recorte aos fondos públicos que dedicaba a este fin. Así pois, para o período 2020-2021 prevé unha dotación máxima para financiar axudas de 11.974.836 euros (5,9 millóns cada ano), con cargo aos orzamentos da Agader. Iso son catro millóns de euros menos que os destinados pola Xunta para o período 2017-2018, cando presupostou 15.998.687 euros para este




## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

mesmo fin máis outros 4 millóns de € menos dende o ano 2016 cando se presupostou case 20 millóns de € (19.998.110€). E iso a pesar de que a presente convocatoria está cofinanciada nun 75% a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) da Unión Europea. Segundo o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, esta ía ser a “lexislatura do rural”, unha lexislatura “cun proxecto claro de futuro no que avanzaremos en tres sentidos que son a aposta pola calidade, a reestruturación e a diversificación”, o goberno galego aplica agora unha redución millonaria dos fondos para potenciar o desenvolvemento do rural. Estas axudas para camiños rurais son, en moitos casos, o único crédito directo en forma de subvención que reciben os concellos da administración autonómica, polo que aínda é menos comprensible que se aplique unha redución orzamentaria tan drástica. Os criterios de reparto destes cartos públicos entre os municipios foi consensuada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Partíuse dunha asignación fixa para cada municipio e o resto dos cartos distribúese en función do número de habitantes, da poboación residente, da superficie do seu territorio, da taxa de despoboamento, do envellecemento dos seus habitantes ou da súa agrariedade. A maiores, tamén queremos resaltar que este ano a Xunta de Galicia cambiou algúns dos requisitos para optar á percepción desta axuda, resultando imprescindible a xustificación da alta de seguro agrario de cando menos, dúas fincas beneficiarias no transcurso do camiño, algo que suporá que, dado o minifundismo existente nesta provincia, lle resulte altamente complicado e existan concellos que non podan optar á solicitude da axuda. En concreto, o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021 baixou en 1.271.493 euros na provincia da Coruña con respecto a 2017-2018 e en 2.553.239€ na última lexislatura de Núñez Feijóo. A redución de fondos é homoxénea e afecta a todas as comarcas. En concreto, na comarca de Ferrolterra e Ortegal pasa de 1.335.776 euros en 2016 a 780.557 euros en 2020/2021 e concretamente neste concello pasa de 56.544 euros en 2016 a 35.319 euros en 2020/2021 o que supón unha baixada do 38% que traducido en cifras son 21.225 euros menos para Cerdido. **Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.**

**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes aprobaron a moción anterior .** Cinco votos a favor dos concelleiros Cándido Eusebio Preto Lago , Rocío Martínez Martínez , Marina Tojeiro Martínez,, Cristian Carrodegas Graña, e o voto do alcalde e dúas abstencións dos concelleiros Maria Amalia Diaz Rodriguez e Alberto Javier Rey Paz.

**O concelleiro Candido Prieto Lago ,** explica que o Sr Feijoo , dixo que esta era a lexislatura do rural e sácanos o pediatra , sácanos unha axuda directa para o camiños , saltase o criterios de reparto consensuados pola Fegamp . No caso de Cerdido , reduciron 21.000,00 € dende ano 2016



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


reduciron cartos o que supón un 38% menos de achega , e ademais acóutase mais os criterios para a determinación dos camiños , debendo estes pasar por parcelas que están dados de alta como agrarias . Esta e as da Deputación son as únicas axudas que temos os concellos pequenos para camiños .

**O concelleiro Alberto Rey Paz** , amosa o seu desacordo co recorte de axudas para camiños e para médicos , explica que esta de acordo coa moción pero non a un mes das eleccións galegas ,non se trouxo nos outros anos esta moción , anuncia que apoiaría a moción si se trae no vindeiro pleno

**O alcalde** explica que nunca houbo unha baixada tan importante ata este ano que se baixaron 10,000,00€ dun golpe , outros anos baixaban 2000,00 ou 3000,00 € e afirma que se tras as eleccións de abril gobernase outro partido , traeríase esta moción tamén , engade que si se ven a traballar por Cerdido , deberíase aprobar este moción non se poden recortar 10,000,00 € de golpe . Estes datos saíron hai dúas semanas por iso non se trouxo antes esta moción .

### 5.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía Exp . Tedec 2020/G006/000008


Núm.	Data	Asunto
222/2019	11/12/19	Decreto sobre a non Division en lotes dos proxectos de obra a presentar ao POS+ 2020
223/2019	12/12/19	Decreto de aprobación de facturas ( 2019/1238 a 2019/1360 ) e outros gastos
224/2019	12/12/19	Contrato Menor de servizos para a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra :Abastecemento de auga no Piñeiro
225/2019	12/12/19	Contrato Menor de obra abastecemento de auga no Piñeiro
226/2019	13/12/19	Contrato Menor de subministro de material deportivo
227/2019	13/12/19	Decreto de aprobación dos gastos a grupos políticos municipais do segundo semestre 2019 e axuda de custos por asistencia a órganos colexiados
228/2019	16/12/19	Pleno ordinario de decembro 2019
229/2019	18/12/19	Expediente de axuda de custo dos empregados públicos e alcaldía 2019.
230/2019	18/12/19	Subministro de libros e xogos educativos



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

231/2019	18/12/19	Solicitud a Deputación da Coruña do POS +2020
232/2019	19/12/19	Contrato Menor de obra para realizar reparacións na casa da cultura
233/2019	20/12/19	Aprobación de facturas, nóminas e outros gastos.
234/2019	20/12/19	Decreto de aprobación da certificación de obra Núm. 1 da obra : Mellora camiño de Casanova ; Os Campos ( Cerdido).Plan AGADER
235/2019	30/12/19	Aprobación de facturas 2019/1388 a 2019/1410, ámbalas dúas incluídas, e a número 2019/1381, e nóminas
01/2020	03/01/20	Autorización para pechar unha vía municipal ao tráfico rodado para cortar madeira
02/2020	10/01/20	Decreto de contratación de persoal do SAD para substituír unha baixa laboral
03/2020	10/01/20	Relación de recibos correspondentes ó mes de decembro do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
04/2020	20/01/20	Alta no padrón municipal de habitantes en Escote, 3, A Barqueira
05/2020	21/01/20	Pleno extraordinario de xaneiro 2020
06/2020	22/01/20	Decreto de delegación de Alcaldía
07/2020	29/01/20	Contrato Menor de subministro de dúas rodas para o tractor municipal
08/2020	29/01/20	Decretos de aprobación de gastos de persoal 2020
09/2020	29/01/20	Autorización para usar a casa da cultura para unha charla sobre a casa niño de Soosloueiros
10/2020	29/01/20	Decreto de aprobación do canon da auga 2019
11/2020	29/01/20	Prorroga do contrato de servizo de axuda no fogar por procedemento aberto , tramitación simplificada , por un ano ,
12/2020	30/01/20	Contrato Menor de servizos de acceso a base de datos e demais servizos da plataforma xurídica ES PUBLICO
13/2020	30/01/20	Contratación de actividades para o festival de Reis 2020
14/2020	30/01/20	Devolución de garantía no expediente de contratación do servizo de axuda no fogar 2016
15/2020	30/01/20	Solicitud de subvencións para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais
16/2020	03/02/20	Padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga a domicilio e da taxa pola recollida de lixo do ano 2020
17/2020	07/02/20	Relación de recibos correspondentes ó mes de xaneiro do 2020 do prezo



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

		público pola prestación do servizo de axuda no fogar
18/2020	11/02/20	Contratación das actividades para as celebracións do entroido
19/2020	11/02/20	Aprobación do Convenio de Colaboración Interadministrativa entre os Concellos de Cerdido, Mañón, Cariño e Ortigueira para a prestación do servizo de orientación laboral durante o exercicio 2020, dentro das políticas activas de emprego promovidas pola Xunta De Galicia
20/2020	11/02/20	Contrato Menor para realizar un obradoiro de memoria e ximnasia para maiores
21/2020	13/02/20	Convenio entre os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira para a solicitude da subvención do programa de apoio ao centro de información a Muller
22/2020	17/02/20	Contrato menor de mantemento de fotocopiadoras municipais
23/2020	17/02/20	Reserva da cociña de Os Casás par aun taller de cociña en familia
24/2020	17/02/20	Subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).
25/2020	19/02/20	Programa de Financiamento de los Servicios Sociales Comunitarios Municipales en el año 2020/2021, da Deputación da Coruña
26/2020	19/02/20	Decreto de aprobación da liquidación do orzamento 2019

### **6- . Dar conta do decreto da Alcaldía de aprobación da liquidación 2019.Exp . Tedec 2020/G006/000006.**

#### **Antecedentes administrativos**


Expediente da liquidación do presuposto municipal de 2019

Informes de liquidación e estabilidade presupostaria redactados pola secretaria-interventora o dia 14.02.2020 e17.02.2020

#### **Lexislación aplicable**

Artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo

Esta Alcaldía **ACORDA:**



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**PRIMEIRO:** Aprobar a liquidación do exercicio económico de 2019, de acordo co seguinte detalle de resultados:


<b>1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:</b>	<b>132.279,07 €</b>
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	84.920,15 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	36.189,16 €
c.- de operacións non presupostarias	11.169,76 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	899,60 €
<b>2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio</b>	<b>101.817,00 €</b>
.-De presuposto corrente	74.563,19 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	26.592,87 €
.- partidas pendentes de aplicación	0,00 €
<b>3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio</b>	<b>504.945,56 €</b>
<b>4. Remanente de tesourería total ( 3+1- 2 )</b>	<b>534.508,03 €</b>
5.- Saldo de dubidoso cobro	21.348,47 €
6.- Exceso de financiamento afectada	10.196,34 €
<b>Remanente de tesourería para gastos xerais ( 4 -5-6 )</b>	<b>502.963,22 €</b>

1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.223.808,47 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.176.968,41 €
<b>3. Resultado Presupostario (1 - 2)</b>	<b>46.840,06 €</b>
4. Desviacións positivas de financiamento	41.877,59 €
5. Desviacións negativas de financiamento	54.961,65 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	93.436,24 €
<b>7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=</b>	<b>153.360,36 €</b>

**SEGUNDO :** En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2019, cumpriuse co obxectivo de estabilidade presupostaria e non se cumpriu coa regra de gasto fixado no Plan económico financeiro aprobado e vixente no ano 2019 segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros :

Limite gasto computable PEF 19	677.419,97 €
Gasto computable liquidación 2019 :	725.425,44 €
Diferencia entre limite regra do gasto del PEF 2019 e o gasto computable 2019	<b>-48.005,47 €</b>

**TERCEIRO** Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda. **Os membros do pleno déronse por enterados .**

**A concelleira Amalia Diaz Rodriguez** pregunta que quere dicir o resultado presupuestario e porque esta resaltado a diferenza no limite da Regra de gasto

**O alcalde** cede a palabra a secretaria -interventora que explica que o resultado presupuestaria é positivo o que quere dicir que hai mais dereitos recoñecidos que obrigacións recoñecidas , tras realizar os axustes por desviación positivas o negativas que se deben realizar en función do ritmo de execución dos gastos en relación as subvención recibidas , en canto o c incumprimento da regra de gasto supón un incumprimento do limite de gasto que establece o goberno para cada unha das Administracións públicas que se calcula comparando o gasto entre dous exercicios económicas coa aplicación de varios tipos de axustes.

**O alcalde** pon de manifesto que existe un resultado presupostario positivo , un remanente de tesoureria de mais de 500.000,00 € e un incumprimento da regra de gasto , que xa levamos incumprindo dende hai catro anos , e que o mais seguro e que teñamos que facer un plan económico financeiro .


### **7. Dar conta do informe de intervención en relación os reparos realizados no ano 2019 .Exp . Tedec 2020/G006/000007**

Paula Diaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido, en cumprimento do disposto no artigo 15. 6 do Real Decreto 424/2017 do 28 de abril , que establece que :

Con ocasión da dación de conta da liquidación do Orzamento, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, ou, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitou informe, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

Procede a poñer en coñecemento do Pleno os principais motivos do reparos realizados aos expedientes de gastos que constan nos expedientes seguintes :





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es


Decreto			Núm. de reparo
Núm. Tedec	Data	Núm. Decreto	
2019/G003/000027	07/02/2019	27/2019	01/2019
2019/G003/000056	13/03/2019	54/2019	2/2019
2019/G003/000081	03/05/2019	79/2019	3/2019
2019/G003/000097	24/05/2019	92/2019	4/2019
2019/G003/000112	13/06/2019	107/2019	5/2019
2019/G003/000233	12/12/2019	223/2019	08/2019
2019/G003/000242	20/12/2019	233/2019	09/2019

**Primeiro** :O principal motivo de reparo realizado nos sete informe emitidos é utilización dos contratos menores ,para gastos repetitivos e recorrentes que ano tras ano responda a mesma necesidade así como a aprobación de gasto sen utilización dos tramites descritos no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación ao contrato menor . Os gastos reparados corresponde a gastos do subministro eléctrico,subministro de servizos de telefonía, mantemento de electricidade,subministro de gasóleo para vehículos,e mantemento de fotocopiadoras ,mantemento de estación de bombeo ,subministro de gasóleo para calefacción, \_análises de agua da rede municipal, mantemento do ascensor, seguros dos vehículos municipais e instalacións,asesoramento urbanístico , redacción de proxectos , gastos de xestión de nóminas así como o servizo de prevención

**Segundo** : Outro dos motivos dos reparos , foi a falta de concreción do obxecto do gasto , dado que nas facturas non se concretaban o servizo realizado , figurante unicamente conceptos xenéricos como mantemento , sen concretar que traballos se realizaron , sendo outro dos motivos xustificadas a imposibilidade de prorroga dos contratos menores , existindo gastos neste suposto .  
*Dende esta Intervención pon en coñecemento do Pleno a Resolución do 6 de marzo de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que se publica a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores, regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro. ( BOE 07/03/2019) onde establécese que :*

(..)A subscrición de contratos menores debe realizarse seguindo as seguintes directrices:

*La justificación de su necesidad y causa de su falta de planificación, por lo que no podrán ser objeto de un contrato menor prestaciones que tengan carácter recurrente, de forma que, año tras año, respondan a una misma necesidad para la entidad contratante, de modo que pueda planificarse su contratación y hacerse por los procedimientos ordinarios. (..)*



## Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

**Terceiro** :Nos informes redactados manifestase que se mantén este criterio de reparo ata que se realicen os procedementos de licitación conforme a Lei 9/2017.

**Cuarto**: En materia de ingresos, cabe destacar a non existencia de reparos no ano 2019. A case totalidade da xestión dos ingresos municipais está delegada no servizo de recadación da Deputación da Coruña. Existe una xestión municipal na taxa polo servizo de piscina municipal e no prezo publico de axuda no fogar, así como a reclamación de indemnización por incumprimento de contratos nestes dos supostos cabe destacar que a falta de medios persoais e materias do Concello, imposibilitan unha boa xestión dos ingresos e a realización da recadación en vía executiva. Cerdido, 20.02.2020. Paula Diaz Tie

**O concelleiro Alberto Rey Paz**, solicita ver os contratos incumpridores e pregunta si é normal

**O alcalde** explica que poder ver a documentación que solicita e explica que en relación ao subministro eléctrico non hai contrato, o que se pretende e adherirnos a central de contratación da FEGAMP, pero para isto é necesario unha auditoría eléctrica que se está realizando agora mesmo, en relación a telefonía cambiouse para a compañía Vodafone por un ano, porque por duración e importe entraría dentro do contrato menor, agora pretendemos cambiar a telefónica que permite contratos con duración dun ano, xa que antes exixía 36 meses de permanencia, non se saca a licitación por temor que veñan outras compañías que dan un servizo moi malo. Os gastos de mantemento de alumeadado publico esta agora mesmo sen contrato a idea é sacalos a licitación tras a auditoría enerxética, en canto o subministro de gasóleo para vehículos, entendo que non é viable porque pode collelo unha empresa de fora e traería moitos inconvenientes, en relación o mantemento das fotocopias, aprobouse un contrato por seis meses a espera que se resolva unha subvención solicitada para mercar mais equipos, en relación o mantemento da estación depuradora, os pregos son moi técnico e solicitouse axuda o servizo de asistencia da Deputación, en relación o subministro de gasóleo para edificios, seguros a intención e adherirse a central de contratación da FEGAMP, en relación os análise de auga contratase todos os anos por 3000,00 € por confianza coa empresa e comodidade, en relación o mantemento do ascensor supón un gasto de 290,00 € o trimestre, en relación ao asesoramento urbanístico estamos esperamos pola praza de arquitecto, a redacción de proxectos realízase coa empresa por confianza e coñecemento do termino municipal. A prioridade e sacar a licitación o que supón mais gasto, alumeadado o redor de 70,000,00 € e mantemento de estación depuradora. En relación ao servizo de prevención o reparo foi porque non se podía prorrogar o contrato e por cambio da empresa que desapareceu. Hai concellos con mais reparos e outros con menos, en catro anos é imposible sacar todo a licitación e anuncia que non se aproba ningunha factura que non se saiba o que é, os conceptos xenéricos de mantemento é porque antes había un contrato e seguen facenda as mesmas prestacións.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### Rogos e Preguntas

**O concelleiro Alberto Rey Paz** realiza as seguintes preguntas :

1.- A data para a reapertura da piscina municipal . O alcalde anuncia que espera que sexa para finais do mes de marzo , pero estamos pendentes de licitar o servizo de socorrismo porque o importe vaise do contrato menor .

2.Solicita información sobre si Cerdido , esta adherido a iniciativa autonómica de mellora de cobertura móbil .O alcalde informa que non se solicitou porque solicitaban unha parcela para a instalación dunha antena , pero o problema de Cerdido non é a falta de antenas , temos unha reclamación feita pola mala sinal da cobertura

**A concelleira Amalia Díaz Rodríguez** fai a seguintes preguntas :

1.- Nun trozo da Barrosa ( Regueirolongo ) a pista esta moi deteriorada , corre a auga por ela e as veces é intransitable ,poderíase incluír neste plan de mellora de camiños . O alcalde toma nota e engade que esta pista non podería incluírse

2 Entre A Barrosa e Diaz hai unha farola que no funciona dende hai varios días asi como problemas no alumeadado de Regueirolongo continuos

O alcalde explica que é preciso comunicar as averias ao concello e que en Regueirolongo hai moitos problema porque os ratos comen os cables , intentouse amañan tirando o cableado aéreo

3.-Na pista na Barrosa , hai un valado moi perigoso que se esta desmoronando e hai unha altura de 2 ou 3 metros ,os veciños intentaron amañalo pero está moi perigoso .

4. Traslada ao alcalde a petición de varios veciños para realizar charlas sobre o tema de forestal , que antes as daban os da agraria , é un tema que interesa moito aos veciños .

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Cerdido, luns 2 de marzo de 2020

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro